



CORRELINGUA.GAL

Unha nova imaxe para unha lingua que non para

O Correlingua chega á súa maioría de idade, a 18 edición, coa súa web renovada para ser máis dinámica e efectiva.

En **correlingua.gal** poderedes atopar toda a información sobre os nosos concursos e festas finais. Tamén poderedes inscribivos dende xa para participar nos concursos e na festa da lingua na vosa localidade.

Consultade o calendario e comezade a proxectar como ides participar neste Correlingua!

CONCURSOS ESCOLARES

Os concursos do Correlingua tampouco pararán, e este ano traen unha novidade moi demandada: o concurso de **vídeo** terá **dúas categorías** con cadanseu premio! Así, teremos unha para o alumnado de infantil e primaria e outra para secundaria e bacharelato.

Ademais teremos os habituais concursos de **manifesto** para secundaria e bacharelato e de **banda deseñada** para educación infantil e primaria.

Consultade as bases e inscribídevos na nosa web www.correlingua.gal antes do 1 de febreiro. Recordade, **a lingua non para!**

Entre todas e todos facemos **que a nosa lingua non pare no ensino!**

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), na páxina de Facebook [Correlingua](#) e na canle de Youtube [Correlingua TV](#). Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal